



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Literatura, Cultura e Identidade	Código	613584121	
Titulación	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (plan 2016)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	GalegoPortugués			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Luís Gamallo, María Obdulía	Correo electrónico	m.luis@udc.es	
Profesorado	Luís Gamallo, María Obdulía	Correo electrónico	m.luis@udc.es	
Web	www.udc.es/filo/MLCD.html			
Descrición xeral	Aproximación ao estudo da expresión da identidade nas súas diferentes formas: nacional, étnica, social, persoal, etc., tanto nos textos literarios como noutros ámbitos da representación cultural e visual. Na sección de contidos figuran os temas específicos que serán tratados na materia.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Integrar os estudos literarios nun contexto cultural mais extenso que trascenda os límites dunha soa lingua e/ou nación, atendendo á diversidade cultural
A2	Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cine, as artes, no marco da diversidade cultural
A3	Ser capaz de realizar aportacións creativas e orixinais no estudo comparatista dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais
A4	Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos
A6	Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos hispánico e galego-portugués
A8	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma
A9	Aplicar as técnicas de análise cultural respetando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos
A12	Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais
A13	Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais
A14	Adquirir a capacidade de xestionar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais
B4	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións(TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida
B5	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
B6	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver problemas cos que deben enfrontarse
B7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe
B8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
B10	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C1	Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva
C2	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos
C4	Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade
C5	Integrar coñecementos de campos de estudos diversos
C6	Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos o non familiares en contextos interdisciplinares
C7	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador



Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecer, comprender e saber avaliar criticamente unha parte dos discursos teóricos que reflexionan sobre a identidade.	AM1 AM3 AM4 AM6 AM8	BP1	CM2 CM4 CM5
Desenvolver a capacidade de participar con precisión de pensamento e expresión (tanto oralmente como por escrito) nos debates propios destes estudos.	AM4 AM9 AI1 AI2	BP1 BP2 BP7	CM1 CM2 CM4 C11
Realizar análises de textos literarios a partir dos marcos teóricos definidos na materia.	AM1 AM2 AM3 AM4 AM6 AI3	BP2 BP3 BP4 BP7	CM6 C11
Ser quen de desenvolver investigacións avanzadas na análise dos textos literarios desde un enfoque orixinal e creativo.	AM1 AM2 AM3 AM4 AM6 AM8 AM9 AI2 AI3	BP1 BP5	CM2 CM5 CM6
Integrar os estudos literarios nun contexto cultural extenso atendendo á diversidade cultural, ás minorías e á diáspora.	AM1 AM2 AM3 AM4 AM8 AM9 AI2 AI3	BP2 BP3 BP4 BP5	CM2 CM4 CM6 C11
Ser quen de valorar a diversidade cultural e integrar coñecementos de campos de estudos diversos.	AM1 AM2 AI2	BP2 BP4	CM2 CM5 C11

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Narrativa e construción nacional	1.1. Nacionalismo literario vs literatura nacional: Manuel Rivas e Suso de Toro 1.2. A cuestión lingüística na construción dunha identidade nacional: Boubacar Boris Diop
2. A literatura mundo e/ou a negación da identidade	2.1. A literatura da francofonía: Alain Mabanckou e Boubacar Boris Diop 2.2. As literaturas colonizadas fronte ao espello: os casos galego e senegalés
3. Literatura, identidade e xénero	3.1. Rosalía de Castro e Mariama Bâ 3.2. Outras escritoras africanas: Ken Bugul, Tanella Boni, Fatou Diome, Aminata Sow Fall, Paulina Chiziane, Chimamanda Ngozi Adichie.



Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A1 A4 A6 A8 B5 B7 C4 C5	2	20	22
Sesión maxistral	A13 A1 A2 A4 A6 A8 A9 A12 B8 C2 C4 C7 C5	6	6	12
Traballos tutelados	A13 A1 A2 A3 A4 A6 A8 A9 A12 B6 B8 B10 C1 C4 C7 C6	0	16	16
Obradoiro	A1 A2 A4 A6 A8 A12 B6 B8 B10 C1 C4 C7 C6	6	8	14
Aprendizaxe colaborativa	A13 A2 A3 A4 A14 A12 B4 B5 B7 B8 C1 C2 C5 C6	1	4	5
Foro virtual	A2 A3 A6 A9 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C4 C7	0	4	4
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Será preciso realizar para cada sesión e nos prazos determinados unha serie de lecturas básicas. Estas serán avaliadas a través dos comentarios e das intervencións do alumnado no foro virtual e na aula.
Sesión maxistral	Exposición da profesora co fin de introducir o contexto teórico e cultural do tema correspondente, así como os fundamentos teóricos e metodolóxicos da materia.
Traballos tutelados	Cada estudante terá que realizar un traballo final obrigatorio sobre algún aspecto relacionado co temario, que terá o formato dun breve ensaio e cuxo tema e orientación requirirán o visto e prace da profesora en sesións de seguimento.
Obradoiro	Nas sesións presenciais alternaranse as leccións maxistras coas sesións interactivas, nas que a participación do estudantado será fundamental. Levaranse a cabo actividades de diverso tipo: discusións dirixidas, comentario de textos. Todas elas terán como punto de partida fundamental as lecturas indicadas previamente pola profesora.
Aprendizaxe colaborativa	A aprendizaxe colaborativa permitiralle ao estudantado achegarse aos textos antes das leccións maxistras para que poda participar con maior implicación nas actividades de diverso tipo que se levarán a cabo: discusións dirixidas, comentario de textos.
Foro virtual	En relación coa aprendizaxe colaborativa, o foro virtual será unha ferramenta esencial e obrigada de intercambio entre o estudantado e a profesora para analizar e comentar os textos e as lecturas propostas antes das leccións maxistras: o obxectivo é que o estudantado poda participar con maior implicación nas actividades de diverso tipo que se levarán a cabo durante as sesións maxistras.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Aprendizaxe colaborativa	A profesora encargárase de recibir e asesorar o alumnado en todas as cuestións que lle formular; ao tempo tratará en todo momento lle facer as observacións, indicacións puntuais bibliográficas, etc que puideren ser do seu interese. Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudiantado matriculado para se examinar na oportunidade adiantada de decembro.
Sesión maxistral	
Foro virtual	
Traballos tutelados	
Lecturas	
Obradoiro	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Foro virtual	A2 A3 A6 A9 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C4 C7	O foro virtual servirá para organizar o traballo colaborativo que se valorará nas intervencións e participación do alumnado.	10
Traballos tutelados	A13 A1 A2 A3 A4 A6 A8 A9 A12 B6 B8 B10 C1 C4 C7 C6	O traballo final obrigatorio consistirá na elaboración dun breve ensaio orixinal sobre un aspecto relacionado cun punto do programa. Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da investigación e a claridade expositiva e expresiva.	60
Lecturas	A1 A4 A6 A8 B5 B7 C4 C5	As lecturas serán avaliadas a través dos comentarios e das intervencións no foro virtual e na aula.	20
Obradoiro	A1 A2 A4 A6 A8 A12 B6 B8 B10 C1 C4 C7 C6	Valorarase a participación activa nas distintas actividades que se desenvolvan no foro virtual e na aula: discusión dirixida, análise e comentario dos textos propostos, etc.	10

Observacións avaliación
<p>A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<a href="https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/">https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/</a>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: <a href="mailto:pat.filoloxia@udc.gal">pat.filoloxia@udc.gal</a>). Observacións xerais de avaliación</p> <p>1. Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que compoñen a avaliación.</p> <p>1.2. O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.</p> <p>1.3. Todas as actividades deberán cumprir unhas esixencias mínimas de corrección lingüística. As deficiencias lingüístico-expositivas serán penalizadas na cualificación.</p> <p>2. Avaliación da segunda oportunidade (xullo) Na segunda oportunidade o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na oportunidade anterior, aínda que con certa variación sobre as porcentaxes xa que non se poderán ter en conta as actividades de carácter presencial. Así, para superar a materia, terá que realizar unha "Proba mixta" para avaliar as lecturas (50%) e presentar o "Traballo tutelado" (50%).</p> <p>3. Avaliación da oportunidade adiantada de decembro Nesta oportunidade adiantada cada alumno/a será avaliado/a mediante unha "Proba mixta", que suporá o 50% da cualificación final e que terá lugar na data oficial marcada pola Facultade de Filoloxía, e un "Traballo tutelado" puntuábel nun 50% que deberá ser presentado no mesmo día do exame na data oficial marcada pola Facultade de Filoloxía.</p> <p>4. Cualificación de non presentad@ Considerarase como NON PRESENTADO/A o/a alumno/a que non entregue o traballo final obrigatorio ou non realice a proba escrita.</p> <p>5. O alumnado a tempo parcial e con dispensa académica O alumnado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica de exención de asistencia concedida deberá pórse en contacto co profesorado da materia no inicio do curso académico para planificar, en cada situación concreta, os axustes necesarios na avaliación no tocante ás actividades presenciais (que serán substituídas por outras non presenciais equivalentes). Así mesmo, aquel alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás aulas debe tamén contactar á profesora responsábel.</p> <p>6. Outras precisións Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas esixencias mínimas de corrección lingüística. Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesm@ alumn@. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (Artigo 14.4).</p>



## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Alvarez Méndez, Natalia (2010). Palabras desencadenadas: aproximación a la teoría literaria postcolonial y a la escritura hispano-negroafricana. Zaragoza: Prensas de la Universidad de Zaragoza</li> <li>- Diop, Boubacar Boris (2009). Africa más allá del espejo. Barcelona: Oozebap</li> <li>- Fernández Freixanes, Víctor (2001). Galicia, unha luz no Atlántico. Vigo: Xerais</li> <li>- Figueroa, Antón (1996). Lecturas alleas (Sobre das relacións con outras literaturas). Santiago de Compostela: Sotelo Blanco</li> <li>- Figueroa, Antón (2001). Nación, literatura, identidade. Vigo: Xerais</li> <li>- Figueroa, Antón (2010). Ideoloxía e autonomía no campo cultural galego. Santiago de Compostela: Laiovento</li> <li>- González-Millán, Xosé (1994). "Do nacionalismo literario á literatura nacional: hipóteses de traballo para un estudio institucional da literatura galega". Anuario de estudos literarios galegos 1994: 67-81</li> <li>- Kesteloot, Lilyan (2009). Historia de la literatura negroafricana: una visión panorámica desde la francofonía. El Cobre: Barcelona</li> <li>- Lander, Edgardo (2000). La colonialidad del saber: eurocentrismo y ciencias sociales. Perspectivas Latinoamericanas. Buenos Aires: Consejo Latinoamericano de Ciencias Sociales</li> <li>- López Teresa; Malingret, Laurence e Torres Feijó, Elias J. (2017). Estudios literarios e campo cultural galego. En honra do profesor Antón Figueroa. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela</li> <li>- Mabanckou, Alain (2017). El llanto del hombre negro. Madrid: La Catarata</li> <li>- Rodríguez, Francisco / Suevos, Ramón (1978). Problemática nacional e colonialismo. O caso galego. Santiago de Compostela: Xistral</li> <li>- Salinas Portugal, Francisco (1994). Rosto negro: O Contexto das Literaturas Africanas. Santiago de Compostela: Laiovento</li> <li>- Thiesse, Anne Marie (2001). La création des identités nationales. Europe XVIIIe-XXe siècle. París: Seuil</li> <li>- VVAA (1995). La mujer escritora en las literaturas francófonas. Cádiz: Universidad de Cádiz</li> <li>- Warnier, Jean-Pierre (2002). La mundialización de la cultura. Gedisa: Barcelona</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	Durante o curso proporcionarase máis bibliografía específica.

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

## Observacións

Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coa profesora persoalmente en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa no enderezo electrónico: [mluis@udc.es](mailto:mluis@udc.es)

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías